

ARTIGO 10º.—INFRACCIONS E SANCIONS

Nesta materia estarase ó desposto na Lei Xeral tributaria e na normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Cando existan os convenios de colaboración ós que fai referencia o artigo 27.2 da Lei 39/88, do 28 de decembro, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o seguinte día da súa publicación no Boletín Oficial da provincia.

A N E X O

<u>INTERVENCIÓN</u>	<u>Nº SESIÓN</u>	<u>TAXA</u>
<i>Exploración de diagnóstico:</i>		
Usuarios do servizo		0 €
Externos		19,66 €
<i>Orientación familiar:</i>		
Unha sesión quincenal		8,95 €
Unha sesión semanal		17,93 €
<i>Logopedia, atención temperá e apoio psicopedagóxico:</i>		
Unha sesión semanal		17,93 €
Dúas sesións semanais		35,85 €
Tres sesións semanais		53,78 €

Terán unha dedución do 100% aqueles usuarios con ingresos ou renda familiar inferiores ó 85% do salario mínimo interprofesional.

O segundo irmán terá unha dedución do 20% no coste dos tratamentos de dous ou máis sesións semanais.

O terceiro irmán e seguintes terán unha dedución do 50%.”

**— MODIFICACIÓN ORDENANZA NO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN
DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

“Modifícase o artigo 4 e polo tanto queda redactado da seguinte maneira:

ARTIGO 4º

O custo por hora da SAF será fixado anualmente no exercicio económico que lle corresponda. Inicialmente, fíxase a hora do servizo en 6,50 euros (gastos laborais de auxiliar). Se prexuzo do aumento do custo/hora mediante a aplicación do IPC e as resultantes valoracións.

Engadirse o custo de hora do servizo, o custo de servizos ou axudas complementarias como asistencia domiciliaria